



## Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central - MCCM		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2024/41	GOB18I00LP	
<div>6Q0Z 3442 0X1E 3D6E 076I</div>		

## ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA TRINTA DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

<b>SRES/AS ASISTENTES:</b>  <b><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u></b> D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ  <b><u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u></b> TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE  <b><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u></b> D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ  <b><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u></b> D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do trinta de maio de dos mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra. A Alcaldesa-Presidenta, D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, O Secretario Xeral.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	--

### 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Aprobouse por unanimidade.

**2 .- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA FINANCIAR AS RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL TÉCNICO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN 2024.**- Vista a proposta formulada que di así: O día 27-05-2024 a técnica de Normalización Lingüística elevou á concelleira delegada de Política Lingüística o informe-proposta, co código ASI18I00NS, do expediente ASI/2023/281, que literalmente di:  
“INFORME-PROPOSTA DE ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA FINANCIAR AS RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL TÉCNICO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN 2024

O día 16/11/2023 a Xunta de Goberno Local aprobou a solicitude de subvención da Deputación da Coruña para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística durante o ano 2024, a través do financiamento das retribucións da técnica do servizo lingüístico cun máximo de ata 20.000 euros.

O día 27/05/2024 publícase no BOP a resolución definitiva da subvención solicitada á Deputación da Coruña, aprobada por un importe do 20.000 euros.

Polo anteriormente exposto, quen subscribe solicítalle á concelleira delegada de Política Lingüística que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

**Primeira.-** Aceptar a subvención recibida pola Deputación da Coruña polo importe indicado de 20.000 euros.

**Segunda.-** Aprobado o plan de financiamento para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística no Concello de Narón, que para o ano 2024 é o seguinte:

<i>Custos totais de persoal</i>	<i>67.849,40 euros</i> <ul style="list-style-type: none"><li>• 9200-12000: 17.216,08</li><li>• 9200-12006: 3.313,30</li><li>• 9200-12100: 9.572,50</li><li>• 9200-12101: 12.625,20</li><li>• 9200-15000: 10.840,28</li><li>• 9200-16000: 14.282,04</li></ul>
<i>Subvención concedida pola Deputación da Coruña</i>	<i>20.000 euros</i>
<i>Achega do concello</i>	<i>47.849,40 euros</i>

A achega do Concello para o gasto de persoal do Servizo de Normalización Lingüística está incluído no orzamento do concello de 2024.

**Terceira.-** O subconcepto económico de ingreso que financia este gasto é o 46109.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá como considere máis oportuno.”

Logo de ver o informe proposta favorable dos servizos económicos do concello, co código ICO18I0071, esta concelleira delegada de Política Lingüística propón á Xunta de Goberno Local:

**Primeiro.-** Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

**Segundo.-** Dar conta deste acordo aos servizos económicos do concello.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**3 .- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL, CORRESPONDENTE AO PLAN MARCO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2024-2025.-**

Vista a proposta formulada que di así: En relación ao expediente denominado “Subvención da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, correspondente ao Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025”, o xefe do Servizo de Contratación, en data 29 de maio de 2024, elevou a esta Alcaldía-Presidencia o informe-proposta que di:

**“Expediente CON/17/2024:** Subvención da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, correspondente ao Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025

**Asunto:** Proposta de aceptación de subvención

En relación ao expediente de referencia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) do 19 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, mediante tramitación anticipada do gasto (código de procedemento MR7001E), publicada no DOG do xoves, 25 xaneiro de 2024, emítese o seguinte

**INFORME-PROPOSTA**

Na resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, do 19 de decembro de 2023, pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, recóllese (Anexo II) a asignación máxima a este Concello, que ascende a 51.923,00 €, distribuídos nas anualidades 2024 (25.296,00 €) e 2025 (26.627,00 €).

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de febreiro de 2024, acordouse a participación do Concello de Narón no Plan, solicitándose a inclusión no mesmo da obra: “Reforzo de rodadura no camiño do Pazo (Sedes) e Camiño de Portela (Pedroso)”, cun orzamento total de 74.705,11 €, xunto coa contía correspondente ao servizo de control de calidade da obra, cun orzamento de 794,89 €, o que fai un total de 75.500,00 €.

Con data 14 de maio de 2024 a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) notificou a este Concello a resolución de concesión de axuda, segundo o seguinte cadro:

Importe asignado (Plan de Mellora)	51.923,00 €
------------------------------------	-------------

Importe da Axuda Plan de Mellora Camiños	51.923,00 €	
Axuda Estudo Integral rede viaria – Anexo II b)	0,00 €	
TOTAL AXUDA	51.923,00 €	
Anualidades	Anualidade 2024 (48,718%)	Anualidade 2025 (51,282%)
	25.296,00 €	26.627,00 €

De acordo coas Bases de Execución do Orzamento en vigor, procede a aceptación da subvención, o cal é obxecto desta proposta.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

- Resolución, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, do 19 de decembro de 2023, pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020 (DOG núm. 18, do 25 de xaneiro de 2024).
- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2024. Concretamente a base 52, apartado 2, sinala que *a aceptación da concesión [...] deberá ser aprobados, previa toma de razón e retención de crédito da achega municipal ou iniciación dun expediente de modificación de créditos para a habilitación do necesario, pola Xunta de Goberno Local. A proposta de aceptación deberá ir acompañada dunha copia do documento que acredite a súa concesión, do plan de financiamento definitivo e, no seu caso, da solicitude de iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito por xeración..*

A tal efecto, este funcionario subscribiu os seguintes documentos, que se acompañan a este informe-proposta:

1. Plan de financiamento definitivo, comprensivo das necesidades de fondos e fontes de financiación existentes para facer fronte ao gasto.
2. Informe-solicitude de xeración de créditos pola contía subvencionada por esta anualidade, coincidente co anticipo solicitado.

Por todo o exposto de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, quen subscribe eleva á alcaldía-presidencia a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO** : Aprobar o cadro de financiamento definitivo para o proxecto de “Reforzo de rodadura no camiño do Pazo (Sedes) e Camiño de Portela (Pedroso)”, de acordo co establecido no documento que se acompaña, e resumido como segue:

Proxecto	Reforzo de rodadura no camiño do Pazo (Sedes) e Camiño de Portela (Pedroso)	
Importe total	75.500,00 €	
Importe concedido (2024)	25.296,00 €	
Achega municipal (2024)	50.204,00 €	
Aplicación orzamentaria	1532 61900	50.204,00 €

Faise constar que a partida económica de ingresos correspondente é 75100.

**SEGUNDO:** Aceptar, para o antedito proxecto, a subvención de 51.923,00 € concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, nos termos establecidos na resolución de concesión de axuda notificada a este Concello con data 14 de maio de 2024.”

Visto este informe, e logo da toma de razón pola Intervención Xeral, en data 29 de maio de 2024, esta Alcaldía-Presidencia propón, á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

**ACORDO**

**PRIMEIRO** : Aprobar o cadro de financiamento definitivo para o proxecto de “Reforzo de rodadura no camiño do Pazo (Sedes) e Camiño de Portela (Pedroso)”, de acordo co establecido no documento que se acompaña, e resumido como segue:

Proxecto	Reforzo de rodadura no camiño do Pazo (Sedes) e Camiño de Portela (Pedroso)	
Importe total	75.500,00 €	
Importe concedido (2024)	25.296,00 €	
Achega municipal (2024)	50.204,00 €	

Aplicación orzamentaria	1532 61900	50.204,00 €
----------------------------	------------	-------------

Faise constar que a partida económica de ingresos correspondente é 75100.

**SEGUNDO:** Aceptar, para o antedito proxecto, a subvención de 51.923,00 € concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, nos termos establecidos na resolución de concesión de axuda notificada a este Concello con data 14 de maio de 2024.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**4 .- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DE CESIÓN DUNHA PARCELA DESTINADA A VIARIO NO LG. DE CORNIDO (30,60 M2).-**

(...)

PRIMEIRO. Aceptar a cesión gratuíta de terreo efectuada por Dna. Raquel Crespo Esteban con DNI \*\*\*\*\*, para destinalo a vial.

SEGUNDO.- Incorporar a superficie descrita ó patrimonio municipal.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**5 .- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DE CESIÓN DUNHA PARCELA DESTINADA A VIARIO NA RÚA UXÍO LÓPEZ (147 M2).-**

(...)

PRIMEIRO. Aceptar a cesión gratuíta de terreo efectuada por D. Domingo Javier Vilasuso de Bernardo con DNI \*\*\*\*\* e Dna. Jessica López Vázquez con DNI \*\*\*\*\*, para destinalo a vial.

SEGUNDO.- Incorporar a superficie descrita ó patrimonio municipal.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**6 .- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DE CESIÓN DUNHA PARCELA DESTINADA A VIARIO NO CAMIÑO DO VILAR- A FAÍSCA (20 M2).-**

(...)

PRIMEIRO. Aceptar a cesión gratuíta de terreo efectuada por Dna. Noelia Carballeira Fernández con DNI \*\*\*\*\* e D. Adrián Docando Bello con DNI \*\*\*\*\*, para destinalo a vial.

SEGUNDO.- Incorporar a superficie descrita ó patrimonio municipal.



**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

### **7.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

V. e pr.

F\_FIRMA\_96

F\_FIRMA\_4